

EXPEDIENTE: 2191/2024

ASUNTO: RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PROCESO SELECTIVO PEÓN FORESTAL

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía de data de 06/05/2024 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo destinado á provisión con carácter laboral temporal dun/dunha peón forestal (APROL).

Tal e como consta na Orde do 26/12/2023 de convocatoria desta subvención (DOG nº 17 do 24/01/2024) este concello, como entidade local beneficiaria, solicitou as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego na oficina pública de emprego.

O Servizo Público de Emprego remitiu resultados da selección da oferta de emprego nº 12-2024-4244 coa relación de persoas candidatas para este proceso selectivo.

O 13/05/2024 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 6 solicitudes.

Visto canto antecede RESOLVO:

Primeiro.- Declarar definitivamente admitidas no proceso selectivo convocado por Resolución de Alcaldía de data de 06/05/2024 que rexe este procedemento destinado á provisión con carácter laboral temporal dun/dunha peón forestal, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 4º desta convocatoria e que figuran na relación de resultado da oferta de emprego remitida polo SPEG:

NOME	CELGA 1
FERNANDO ADERITO CARVALHO LISBOA	EXENTO
FRANCISCO DAVID TUBIO SILVA	NON EXENTO
JOSE ANTONIO MARTINEZ NOAL	NON EXENTO
JOSE RAMON REBOLLIDO MIRANDA	NON EXENTO
RUBEN DARIO SANCHEZ LAIÑO	EXENTO
SERGIO MUÑIZ LOPEZ	EXENTO

Segundo.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta: María Mariño Poza (Suplente: Emilio Piña Ordiz)

Secretario: Martín Blanco Buceta (Suplente: Ignacio Pérez Hermo)

Vocal 1: José Andrés Coira Silva (Suplente: Pablo Romero Núñez)

Vocal 2: Joaquín Núñez Hermo (Suplente: Juan Ramallo Torrado)

Vocal 3: Carmen Santamaría Olveira (Suplente: Alicia Obelar Alarcón)

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello www.boiro.gal e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e convocalas para o **MARTES 21/05/2024 ás 12:00 h. no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro** para a realización de todos os exercicios correspondentes á fase de oposición.



Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O alcalde do Concello de Boiro

O secretario do Concello de Boiro

